



Que é o efecto invernadoiro?

Por Nacho Núñez Ramos.




Efecto invernadoiro

- O efecto invernadoiro é un fenómeno natural que afecta ao noso planeta e evita que unha parte do calor do sol recibido pola terra deixe a atmósfera e volva ao espazo, producindo un efecto similar ao observado nun invernadoiro.
- Este mecanismo permite que o planeta teña unha temperatura aceptable para o desenvolvemento da vida tal e como a coñecemos. Consiste na absorción, por parte dos chamados gases do efecto invernadoiro presentes na atmósfera, das radiacións infravermellas emitidas pola superficie terrestre a causa do quentamento global debido ao sol, impedindo que escapen ao espazo e aumentando, polo tanto, a temperatura media do planeta.




Efecto invernadero


- A superficie da Terra é quentada polo Sol. Pero esta non absorbe toda a enerxía senón que reflicte parte dela de volta cara á atmosfera.




- O vapor de auga, o dióxido de carbono (CO_2) e o gas metano forman unha capa natural na atmosfera terrestre que retén parte da enerxía proveniente do Sol.



- Ao redor do 70% da enerxía solar que chega á superficie da Terra é devolta ao espazo. Pero parte da radiación infravermella é retida polos gases que producen o efecto invernadoiro e volta á superficie terrestre.



- Como resultado do efecto invernadoiro, a Terra mantense o suficientemente quente como para facer posible a vida sobre o planeta. De non existir o fenómeno, as fluctuacións climáticas serían intolerables para a existencia da vida.



- Actualmente, as actividades humanas, principalmente a combustión dos combustibles fósiles, á vez que se destrúen bosques máis rapidamente que se rexeran, provoca que se incremente o dióxido de carbono emitido á atmosfera e a súa concentración xunto coa doutros gases de efecto invernadoiro; o resultado é o coñecido efecto invernadoiro antropoxénico, que podería alterar o clima mundial nas vindeiras décadas.





MOITAS GRAZAS POLA VOSA ATENCIÓN!!

